

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE XULLO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

#### DECRETOS

##### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto de medidas urgentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022.

##### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos antigos das estradas PO-331, PO-332 e PO-340, xunto coa súa franxa de dominio público viario asociado a prol do Concello de Gondomar.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito inicial da estrada AC-544, puntos quilométricos 0+000 ao 1+130, correspondente coa avenida da Peregrina, a prol do Concello de Ames.

##### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ACORDOS

#### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, de acordo co artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a exención de presentación de garantías polo importe dos pagamentos á conta establecidos, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; coa Orde conxunta da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas, programa Doutoramentos Industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022, por un importe total dun millón oitocentos noventa mil euros (1.890.000 €).

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello da Guarda para acometer a execución das obras de reforma e ampliación do pavillón municipal da Sangriña, cun investimento dun millón oitocentos setenta mil seiscientos sesenta e sete euros con cincuenta e tres céntimos (1.870.667,53 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a subscrpción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Conferencia Episcopal Española para a organización e realización de actividades dentro da peregrinación europea da xuventude á tumba do Apóstolo Santiago, por un importe de trescentos sesenta mil catrocentos vinte e sete euros con dezanove céntimos (360.427,19 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Conferencia de Rectores das Universidades do Suroeste Europeo e NTT Data España para a creación da cátedra institucional de Patrimonio Cultural Dixital, cun importe de cento vinte e cinco mil euros (125.000 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan Plataforma Territorio Intelixente de Galicia.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Mar para presentar alegacións ao plan estratéxico do Goberno central para a protección da costa.
- Acordo polo que se toma razón do ditame do Consello Consultivo de Galicia sobre as competencias que posúe a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de xestión de títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a modificación do anexo ao Plan de transporte público de Galicia sobre a Área de Transporte de Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a realización de programas de atención e protección da saúde, por importe de catro millóns vinte e dous mil oitocentos euros (4.022.800 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites para os anticipos e pagamentos á conta, na orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de acción de saúde pública no campo da VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS), realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro, por un importe de novecentos un mil douscentos euros (901.200 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución pola que se amplía e redistribúe o crédito orzamentario establecido na Resolución do 29 de setembro de 2021, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e outros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento IN421W), modificada previamente pola Resolución do 9 de febreiro de 2022.
- Informe sobre a resolución pola que se amplía e redistribúe o crédito orzamentario establecido na Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, nas administracións públicas e no terceiro sector, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K), modificada previamente pola Resolución do 9 de febreiro de 2022.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a resolución pola que se amplía e redistribúe o crédito orzamentario establecido na Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondente ao programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422L e IN422M), modificada previamente por Resolución do 9 de febreiro de 2022.

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o acordo adoptado pola Oficina Técnica da Seca de declarar a "prealerta por escaseza" na conca do río Lérez na zona de Pontevedra"

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a resolución das convocatorias de implantación de polos creativos e de axudas a concellos para a construcción de pistas multideporte.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### RUEDA ANUNCIA AXUDAS DIRECTAS PARA OS DAMNIFICADOS POLO EPISODIO EXCEPCIONAL DE INCENDIOS FORESTAIOS

- O presidente resaltou que a prioridade son as persoas que viron afectadas as súas casas polas lapas
- O Consello do Goberno galego aprobou na súa xuntanza de hoxe o decreto que regula a concesión destas achegas, que terán carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, do que poidan ser beneficiarios os afectados
- As axudas contemplan, en primeiro lugar, os danos persoais sufridos e os seus beneficiarios poderán ser tamén os propietarios ou usufrutuarios de vivendas afectadas polo lume, así como os titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos nos que se producisen danos derivados directamente dos incendios
- Tamén se dará cobertura aos titulares de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras, polos danos e perdas derivados directamente dos incendios, así como aos donos de maquinaria afectada
- Outros beneficiarios poderán ser as entidades locais, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal por esta causa e tamén as asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións
- Pola natureza destas achegas, os anticipos ou pagamentos á conta que prevexan as convocatorias ou resolucións de concesión directa que se diten, e que poderían acadar ata o 100%, quedarán exentos da obriga de constituir garantías

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe que o Goberno galego habilitará axudas para os damnificados polo episodio excepcional de incendios forestais rexistrado estes días na nosa comunidade. "Hoxe aprobamos o decreto que permite iniciar todo o proceso administrativo para convocar axudas directas aos afectados polos lumes", explicou Rueda, quen asegurou que o obxectivo da Xunta é que a maioría das convocatorias de axudas sexan aprobadas no Consello da vindeira semana.

Rueda explicou que a Axencia Galega de Emerxencias avaliou a situación das zonas onde houbo incendios nos últimos días e decretou que trátase de "zonas afectadas por lumes de natureza catastrófica". A partir dese informe, a Xunta pon en marcha os mecanismos administrativos necesarios para lanzar o antes posible estas liñas de axudas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O titular da Xunta, que agradeceu a resposta destes días tanto dos servizos de extinción como da poboación afectada polos lumes, recordou que "o prioritario é o control dos incendios" e tras solventar esta situación "toca axudar as persoas más afectadas", especialmente aos que perderon ou viron danadas as súas casas.

Ademáis, o presidente do Goberno galego tendeu a man a colaborar co resto de administracións. "Poñemos a valoración feita pola Xunta e toda a tramitación que estamos facendo á disposición doutras administracións coma o Goberno central, entidades locais ou as deputacións para que poidan decidir consignar tamén as súas propias axudas", sinalou.

### Axudas

Rueda explicou que Consello do Goberno galego aprobou na súa xuntanza de hoxe o decreto que regula a concesión destas achegas, que terán carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, do que poidan ser beneficiarios os afectados.

As axudas outorgaranse de forma directa por mor do interese público, social e humanitario derivado das excepcionais circunstancias que concorren neste caso, e concederanse nos termos e nas condicións que se establezan nas súas correspondentes bases reguladoras.

Pola natureza destas achegas, os anticipos ou pagamentos á conta que prevexan as convocatorias ou resolucións de concesión directa que se diten, e que poderían acadar ata o 100%, quedarán exentos da obriga de constituir garantías.

### Danos

As axudas contemplan os danos persoais sufridos, no seu caso, así como os causados en vivendas e enxoal domésticos e tamén en instalacións complementarias, dentro das que se inclúen pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, de telecomunicacións etc. Así mesmo, tamén se entenderá como construcción ou instalación complementaria o cerramento preexistente do predio no que estea a vivenda.

En concreto, en caso de vivenda habitual, concederase o 100% do custo da reposición ou reparación, tanto do edificio principal como das instalacións complementarias, cun máximo de 122.400 euros. Se era unha vivenda non permanente nin habitual, concederase cun máximo -neste caso- de 61.200 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mentres, para cubrir os danos sufridos polo enxoaval doméstico de primeira necesidade, nas primeiras vivendas financiaranse o 100% dos gastos: se están ruinosas, cun máximo de 15.000 euros; se non o están, cun máximo de 7.000 euros. Pola súa banda, nas vivendas que non sexan permanentes nin habituais cubrirase o 50% dos estragos no enxoaval: se están ruinosas, cun máximo de 5000 euros; se non o están, cun máximo de 3.000 euros. Cómpre apuntar que para este tipo de axudas, no caso de se determinar a ruína da vivenda, os beneficiarios non terán que presentar outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da titularidade ou usufruto do inmoble, sen prexuízo dos controis que se establezan para verificar esta cuestión.

No que atinxo aos establecementos comerciais e doutro tipo, tamén se incluirán os danos ocasionados nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías depositadas nelas, así como os vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades. Quedarán excluídas as actividades de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Tamén se dará cobertura aos titulares de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras, polos danos e perdas derivados directamente dos incendios, así como os donos de maquinaria afectada. Outros beneficiarios poderán ser as entidades locais, para fazer frente aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal por esta causa e tamén as asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións. No caso dos entes locais, estas axudas terán, en todo caso, carácter complementario ás que sexan aprobadas por outras administracións.

Ademais, no decreto aprobado hoxe polo Consello tamén se establece que o Goberno galego propiciará a subscrición co resto das administracións públicas e con outras entidades dos convenios de colaboración que esixa a aplicación deste decreto, con vistas ao cofinanciamento das actuacións.

### Financiamento

Canto ao financiamento destas axudas por parte da Xunta, corresponderá aos orzamentos de cada unha das consellerías implicadas, tendo en conta que esta iniciativa implica varios departamentos da Xunta. Así, mediante este decreto facúltase por exemplo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, para que poida contribuír a sufragar os gastos que orixine o aloxamento provisional das persoas que, por causa dos lumes, tiveran que abandonar definitiva ou temporalmente as súas vivendas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Do mesmo xeito, facúltase á Consellería do Medio Rural para que poida realizar directamente actuacións de reparación, restauración ou mitigacións dos danos e efectos causados polos incendios en montes veciñais, montes de varas ou montes xestionados por agrupacións de xestión conxunta. Serán intervencións de mellora de pistas e outras infraestruturas forestais de transporte, captacións de auga e evacuación de augas de escorrentía.

Ademais de ambas consellerías, tamén serán competentes para a concesión das axudas previstas neste decreto a Consellería de Facenda e Administración Pública (para cubrir os danos persoais) e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para compensar os danos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís.

No tinxinte ás axudas ás entidades locais, tamén poderán actuar, a maiores, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte; a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE GONDOMAR DE VARIOS TREITOS DAS ESTRADAS PO-331, PO-332 E PO-340

- Estes treitos carecen de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia, polo que a súa titularidade se transfire ao Concello logo da súa solicitude
- Entre os tramos obxecto da transferencia están algunas das rúas principais da capitalidade do concello, como a rúa Ángel Urzáiz, Eduardo Iglesias ou un treito da avenida de Elduayen
- A entidade local terá competencia para actuar nestes tramos, que suman algo máis de 2 km, e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos antigos das estradas PO-331, PO-332 e PO-340, xunto coa súa franxa de dominio público viario asociado, a prol do Concello de Gondomar.

Entre estos tramos obxecto da transferencia atópanse algunas das rúas principais do núcleo urbano da capitalidade do concello, como son a rúa Ángel Urzáiz, Eduardo Iglesias e un treito da avenida de Elduayen.

O Concello de Gondomar solicitou á Xunta a transferencia dos treitos antigos das citadas estradas autonómicas, que suman algo máis de 2 quilómetros.

Estes treitos carecen de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia, polo que reúnen as condicións necesarias para que a súa titularidade lle sexa transferida ao Concello de Gondomar.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE AMES DA AVENIDA DA PEREGRINA DE BERTAMIRÁNS

- A transferencia enmárcase na colaboración entre o Goberno galego e a Administración local para acondicionar este tramo de vía, cun investimento autonómico de case 82.000 euros
- O convenio prevé a asunción por parte do Concello da titularidade da avenida, plenamente integrada na malla urbana de Bertamiráns
- A Xunta asumirá o financiamento íntegro das actuacións, que deberán ser licitadas e executadas polo Concello de Ames
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o cambio de titularidade da avenida da Peregrina, que é o treito inicial da estrada AC-444 en Bertamiráns, a prol do Concello de Ames.

Esta transferencia enmárcase no convenio de colaboración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co Concello de Ames para acondicionar este tramo de vía, cun investimento autonómico de case 82.000 euros.

Este treito de vía autonómica, que discorre polo núcleo urbano de Bertamiráns, é coñecido como a avenida da Peregrina e atópase plenamente integrado na malla urbana, polo que o convenio recolle a asunción da titularidade por parte do Concello.

O obxectivo é a mellora do treito da estrada AC-544, que vai desde a intersección coa avenida da Maía ata o punto quilométrico 0+610, suma unha lonxitude de 610 metros.

En canto ás actuacións establecidas no convenio, a Xunta de Galicia asumirá o seu financiamento íntegro e o Concello redactará o proxecto, licitará as obras e tamén as executará.

As actuacións propostas inclúen a fresadura de toda a superficie do tramo da vía para nivelar a súa rasante, así como a reposición da capa de rodadura nos dous carrís, nas beiravías e bandas de estacionamento, con mestura bituminosa en quente.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)




## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se renovará a sinalización horizontal, se reporán as liñas existentes e pintaranse vaos, zonas de carga/descarga, prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, pasos de peóns, símbolos e frechas.

Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
 15704, Santiago de Compostela  
 T. 981 541 238 / 42 / 51  
 comunicacion@xunta.gal  
 www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### GALICIA TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS O 17 DE MAIO E O 25 DE XULLO PARA O VINDEIRO ANO 2023

- A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos
- Dos 12 festivos de ámbito nacional, 9 son obligatorios e só poden ser substituídos, cando coincidan en domingo, polo luns seguinte ou por outro día que lle sexa de interese á Comunidade Autónoma
- En 2023 prodúcese esta circunstancia o 1 de xaneiro, Aninovo, que cae en domingo, polo que Galicia propón cambialo polo día das Letras Galegas, o 17 de maio
- Dos tres días festivos de carácter opcional, é dicir que se poden substituir (Día de Reis, Xoves Santo e San Xosé ou Día Nacional de Galicia), a Comunidade galega sempre opta polo 25 de xullo

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe, unha vez que o Consello Galego de Relacións Laborais emitiu o correspondente ditame, o calendario laboral de Galicia para o próximo ano 2023, no cal se fixan como festivos propios os días das Letras Galegas (17 de maio) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo).

A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obligatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obligatorio e non substituíbles non sendo que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (7 de abril en 2023), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2023 hai un festivo nacional de carácter obligatorio que coincide en domingo: o 1 de xaneiro (Aninovo), que Galicia propón substituir polo 17 de maio, día das Letras Galegas.

Os outros tres festivos de carácter nacional son opcionais, é dicir, poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que en Galicia nunca se cambia, agás que coincide en domingo; o Xoves Santo, que en 2023 se celebrará o 6 de abril e na Comunidade galega non se modifica de xeito tradicional; e tamén se lles dá a opción ás comunidades de escoller como opcional entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Sempre eliximos o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

Unha vez aprobados os festivos de carácter autonómico por parte do Consello da Xunta de Galicia, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Ademais, cada un dos concellos galegos levarán a cabo a determinación de dous días como propios da súa

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

localidade. Non será necesario que o decreto autonómico estea publicado, só será necesaria a aprobación para que os concellos elixan os festivos locais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA APOIA A CONTRATACIÓN DE 15 ESTUDANTES PARA QUE DESENVOLVAN A SÚA TESE DE DOUTORAMENTO EN EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS

- Trátase da segunda edición deste programa ao cal se achegan preto de 2 millóns de euros nunha clara aposta polo talento e a creación de emprego de calidade
- As axudas están dirixidas tanto a empresas como a centros de innovación e tecnoloxía, así como ás universidades galegas, e inclúen custos de contratación e apoios para estadías no estranxeiro
- Permite o desenvolvemento da tese de doutoramento nunha contorna empresarial orientando o proxecto cara á resolución das necesidades concretas da compañía ou do centro
- Completa os programas da Xunta de Galicia centrados na captación de talento e creación de emprego de calidade no eido da investigación

O Consello da Xunta de Galicia acordou esta mañá poñer en marcha a segunda edición do programa Doutoramento Industrial, unha iniciativa na cal investirá 1,89 millóns de euros para apoiar a contratación de 15 estudiantes do sistema universitario galego en empresas e centros tecnolóxicos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, para que poidan desenvolver a súa tese nunha contorna empresarial.

A iniciativa, promovida desde a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, é unha aposta polo talento e o emprego de calidade e trata de posicionar Galicia como rexión atractiva para o desenvolvemento da carreira investigadora.

O persoal investigador interesado debe matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade galega e ter un director de tese vinculado a este programa. O proxecto de investigación deberá orientarse cara á resolución das necesidades e problemas concretos dunha empresa ou centro tecnolóxico, favorecer a investigación colaborativa e os procesos de transferencia de coñecemento, así como a formación da mocidade investigadora.

As axudas están dirixidas tanto a empresas e centros de innovación e tecnoloxía con domicilio social ou centro de traballo en Galicia como ás universidades galegas e inclúen os custos de contratación, os gastos relacionados co proxecto, así como os apoios para a realización de estadías de tres meses no estranxeiro.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta segunda edición de Doutoramento Industrial, a Xunta de Galicia busca promover a colaboración e transferencia de coñecemento, potenciar a captación de mozos e mozas investigadores, posibilitar a incorporación de persoal doutor ás empresas e centros tecnolóxicos, así como fortalecer a vinculación entre as empresas e as universidades galegas.

O programa completa as medidas que desde o Goberno galego se están poñendo en marcha co obxectivo de captar talento e crear emprego de calidade no eido da investigación, como o Talento Séniior, ao cal xa se incorporaron 47 profesionais cualificados a actividades de I+D+i no ecosistema galego (30 en empresas e 17 en centros de coñecemento); o Principia -que sumou 627 contratos de menores de 35 anos desde 2016-; o Oportunius -nove contratos a ganadores ERC e apoio a outros 25-; o Ignicia, que nas súas tres edicións permitiu crear ou manter 146 postos de traballo; e os programas de apoio ás etapas de predoutoramento e posdoutoramento. A primeira convocatoria de Doutoramento Industrial xa permitiu a contratación de 15 estudiantes de doutoramento en empresas e centros tecnolóxicos de Galicia.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A GUARDA CONTARÁ CUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MÁIS ACCESIBLE, SEGURO E MODERNO GRAZAS AO CONVENIO ENTRE A XUNTA E O CONCELLO POR PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta de Galicia acaba de autorizar o acordo polo que se levarán a cabo as obras de reforma do pavillón polideportivo da Sangriña, co obxectivo de que siga sendo unha instalación deportiva de referencia na comarca do Baixo Miño

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello da Guarda para acometer a execución das obras de reforma e ampliación do pavillón municipal da Sangriña, cun investimento total de preto de 2 millóns de euros (1.870.667,53 euros). Neste sentido e a teor do acordo autorizado, a Secretaría Xeral para o Deporte achegará o 26,73 % da totalidade do importe (500.000 euros), mentres que o Concello da Guarda achegará o restante 73,27 % (1.370.667,53 euros), dos cales 760.994,79 euros proveñen dos fondos propios do concello en relación co exercicio orzamentario de 2022 e os restantes 609.672,74 euros en relación co convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra.

As obras contarán con catro vías de actuación que serán as obras de reforma interior das instalacións de apoio á actividade deportiva (vestuarios, aseos, almacéns, cuartos de instalacións, cantina, ampliación da pista de xogo, mellora das instalacións eléctricas, ACS e sistemas contra incendios, sistemas de renovación de aire e un grupo electróxeno); a ampliación dos corredores para a mellora das condicións de accesibilidade; a ampliación e mellora da zona do público (aumentando a capacidade nun 48 %, ata os 700 asistentes); así como a dotación ao polideportivo dunha imaxe exterior homoxénea, deseñada conforme os criterios de eficiencia enerxética.

O pavillón polideportivo da Sangriña, debido á súa situación xeográfica e estratéxica, pertence ao concello máis meridional da provincia de Pontevedra, na fronteira con Portugal, e é un centro deportivo de referencia na comarca do Baixo Miño, polo que é de especial interese para a Secretaría Xeral para o Deporte responder á crecente demanda dos servizos deportivos da poboación e dotalos de instalacións confortables, seguras, accesibles e que permitan potenciar o deporte base e a vida saudable non só dos case 10.000 habitantes da Guarda, senón dos veciños de toda a comarca.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA COLABORA COA CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA PEREGRINACIÓN EUROPEA DA XUVENTUD A SANTIAGO DE COMPOSTELA

- A Pastoral Xuvenil, todos os veráns dos anos santos, organiza a Peregrinación Europea da Xuventude, convocada pola Arquidiocese de Santiago de Compostela
- Prevese unha participación de arredor de 15.000 mozos de idades entre os 16 e os 35 anos

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Conferencia Episcopal Española para a organización e realización de actividades dentro da Peregrinación Europea da Xuventude á tumba do Apóstolo Santiago. O convenio conta cun orzamento de 360.427 euros.

A Xunta, no marco da celebración do Xacobeo, colabora coa Pastoral Xuvenil, que todos os veráns dos anos santos organiza a Peregrinación Europea da Xuventude, convocada pola Arquidiocese de Santiago de Compostela e organizada desde a Subcomisión para a Mocidade e Infancia da Conferencia Episcopal Española, conxuntamente coa Arquidiocese de Santiago de Compostela.

Prevese unha participación de arredor de 15.000 mozos de idades entre os 16 e os 35 anos, a través dos seus grupos de referencia de Pastoral Xuvenil. Contarán coa axuda de 500 voluntarios das cinco dioceses de Galicia, que axudarán os mozos en tarefas de loxística, orde, aloxamentos, cátering e información xeral en diferentes puntos da cidade, entre outros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA, A REDE CRUSOE E NTT DATA CREARÁN UNHA CÁTEDRA PARA FOMENTAR A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A DIFUSIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL

- A Administración autonómica achegará 125.000 euros á iniciativa, que contará cun orzamento total de 322.000 euros ata 2025
- Entre os obxectivos previstos para os vindeiros tres anos está a creación do Observatorio do Patrimonio Cultural Dixital para a Eurorrexión
- Ademais, a cátedra prevé impartir formación de posgrao con carácter institucional no seo da Rede Crusoe e o deseño de programas específicos para promover as vocacións STEM e a capacitación ocupacional
- Tamén impulsará o emprendemento transdisciplinar en humanidade e ciencias sociais e tecnoloxía da información e comunicación, con iniciativas que poñan en valor o patrimonio cultural dixital vinculado ao Camiño
- Esta iniciativa forma parte do proxecto Stellae 5.0 para impulsar a transformación dixital do patrimonio cultural, no cal colaboran a Xunta e a Rede Crusoe, e que se enmarca no programa Turismo e Cultura Intelixente da Estratexia Galicia Dixital 2030

A Xunta de Galicia, a Conferencia de Reitores Rede Crusoe e a multinacional NTT Data porán en marcha a cátedra institucional de Patrimonio Cultural Dixital. Así se recolle nun convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia e que proximamente asinarán a Consellería de Cultura, Formación Profesional e Universidades, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Rede Crusoe e NTT Data.

A Administración autonómica achegará 125.000 euros á iniciativa, que contará cun orzamento total de 322.000 euros ata o ano 2025. A cátedra estará vinculada ao Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (Cispac), situado na Cidade da Cultura, e busca fomentar a docencia, a investigación e a difusión dos coñecementos no eido do patrimonio cultural dixital, especialmente o vinculado ao Camiño de Santiago.

#### Actuacións previstas

Con estes obxectivos, a folla de ruta para o período 2022-2025 prevé o desenvolvemento de diferentes actuacións como a posta en marcha do Observatorio do Patrimonio Cultural Dixital para monitorizar a situación e evolución neste ámbito para a Eurorrexión e a súa área de influencia. A aposta por promover a investigación de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vanguarda é outra das actuacións previstas para xerar coñecemento específico que permita a cuantificación, medida e valorización do patrimonio cultural dixital.

En canto á formación e difusión, a cátedra prevé o desenvolvemento de formación a nivel posgrao (máster e doutoramento) no seo de Rede Crusoe, con carácter interinstitucional e nivel non universitario, o deseño de programas específicos para o fomento de vocacións STEM, así como iniciativas de formación ocupacional e capacitación profesional en ámbitos non urbanos, con particular atención ao aspecto de igualdade de xénero.

Ademais, impulsarase o emprendemento transdisciplinar en humanidades e ciencias sociais e tecnoloxía da información e comunicación con iniciativas que poñan en valor o patrimonio cultural dixital vinculado ao Camiño ao Camiño de Santiago.

Buscarase a internacionalización con actividades e accións de colaboración, particularmente no ámbito europeo e latinoamericano, pondo o foco nas políticas e directrices da Comisión e do Parlamento Europeo relacionadas coa transición dixital e o patrimonio e a súa repercusión noutros sectores como o cultural, educativo, turismo dixital e sustentable, o audiovisual e o hipersetor TIC.

### **Stellae 5.0 e iniciativas de dixitalización**

A cátedra institucional de Patrimonio Cultural Dixital súmase a outras iniciativas que vén impulsando a Xunta de Galicia no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030 para converter a Comunidade nunha das rexións intelixentes europeas de referencia en dixitalización. Unha dasas iniciativas é o Stellae 5.0 Patrimonio dixital vinculado ao Camiño de Santiago, no cal a Administración autonómica colabora coa Rede Crusoe para abordar dun modo integral a preservación, difusión, valorización cultural e patrimonial, así como o impulso da transformación dixital da nova economía.

Así, o Stellae 5.0 súmase a outras actuacións da Xunta de Galicia neste ámbito como o proxecto Memoria Dixital de Galicia, que se alberga nas instalacións da Cidade da Cultura, para dixitalizar documentos e recursos e impulsar o desenvolvemento de novos servizos e contidos para a industria e o turismo cultural; o Galiciano, con máis de 330.000 obxectos dixitalizados, ou Galicia Nomeada, que difunde xunto coa Real Academia Galega máis de 500.000 topónimos e mantén unha canle aberta de participación cidadá.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA APROBA O PLAN GALICIA TERRITORIO INTELIXENTE, CUN INVESTIMENTO DE 6 M€ PARA CONSTRUÍR UN XEMELGO DIXITAL BASEADO NA CIENCIA DE DATOS XEOESPACIAIS

- Permitirá monitorizar a actividade no territorio, efectuar simulacións e análises preeditivas sobre o impacto da acción da sociedade sobre o contorno como un elemento estratégico de apoio ao cumprimento do Pacto Verde Europeo
- A Plataforma Galicia Territorio Intelixente configúrase como un conxunto de servizos na nube que facilitará que o espazo de datos con base cartográfica estea á disposición de múltiples aplicacións en diferentes ámbitos
- Constituirá un instrumento de carácter estratégico para a planificación das políticas públicas e o desenvolvemento de servizos intelixentes para a xestión e conservación do patrimonio natural e cultural, así como a seguridade e prevención de riscos e a xestión de alertas
- Entre as medidas para desenvolver está a posta en marcha dun sistema integral e unívoco de direccións territoriais e rueiros urbanos

A Xunta de Galicia porá en marcha a Plataforma Galicia Territorio Intelixente (PGTI), que permitirá monitorizar a actividade do territorio, efectuar simulacións sobre o impacto da acción da sociedade sobre o medio e a zona en que se desenvolve e será un elemento estratégico de apoio ao cumprimento do Pacto Verde Europeo. Este xemelgo dixital do territorio contará cun orzamento de máis de 6 millóns de euros, segundo se recolle no Plan Plataforma Galicia Territorio Intelixente, aprobado hoxe no Consello da Xunta de Galicia, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio.

A Plataforma Galicia Territorio Intelixente configúrase como un conxunto de servizos na nube que facilitará que o espazo de datos con base cartográfica estea á disposición de múltiples aplicacións en diferentes ámbitos. Constituirá un instrumento de carácter estratégico para a planificación das políticas públicas e o desenvolvemento de servizos intelixentes para a xestión e conservación do patrimonio natural e cultural, así como a prevención de riscos e a xestión de alertas.

Para o seu desenvolvemento evolucionarase o sistema de información xeográfica corporativa (SIX), que está en marcha desde 2009, coordinado polo Instituto de Estudos do Territorio (IET). A nova plataforma permitira a captura automatizada de datos sobre o territorio, o tratamento de grandes volumes de información xeoespacial, así como a simulación sobre as tendencias e consecuencias das accións sobre o territorio, con

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especial interese no relativo ao cambio climático e ao desenvolvemento de accións cara á transición verde. A captación e o tratamento intelixente dos datos incorporará técnicas de intelixencia artificial e big data e integrará proxectos que a Xunta de Galicia ten en marcha, como as iniciativas Terras, para completar as capacidades da plataforma ou a rede pública da Internet das Cousas, que facilitará a captación de datos con base territorial nos ámbitos estratéxicos para Galicia.

A plataforma proporcionará información confiable, actualizada e interoperable para a xestión dos servicios públicos, da seguridade, da saúde e do benestar sociais, e das emerxencias; medidas para a adaptación ao cambio climático, solucións sustentables de mobilidade, renovación urbana, desenvolvemento rural e servizos para o turismo e a conservación e difusión do patrimonio.

### Servizos intelixentes

A plataforma facilitará o desenvolvemento dunha serie de servizos intelixentes de información territorial para diferentes ámbitos como a mobilidade sustentable. Porase en marcha un servizo de rueiro e xeocodificación, que permitirá actualizar as bases de datos do Catastro, do censo e do padrón, e a identificación única de inmobles e edificios, datos chave para o desenvolvemento do territorio; ou o correo, a actividade comercial ou a xestión de emerxencias.

Este servizo proporcionará soporte a aplicacións para a mobilidade sustentable, que permitirán ofrecer información en tempo real para o transporte baixo demanda ou a aplicación de novas tecnoloxías de condución supervisada, semiautónoma ou completamente autónoma.

Tamén está prevista a implantación de servizos intelixentes para a xestión dun territorio máis sustentable, verde ou resiliente, desenvolvendo ferramentas para a monitorización do territorio, a planificación forestal, para o fomento, seguimento e protección da biodiversidade; a xestión de explotacións agrarias, indicadores de seguimento do desenvolvemento económico, social e ambiental ou a xestión de emerxencias.

Ademais, a tecnoloxía actual permitirá poñer en marcha novos servizos para o fomento do turismo e a dinamización do patrimonio cultural con novas ferramentas para un mellor control da protección do patrimonio e da eficiencia enerxética de edificios ou conxuntos históricos, o mapeamento en 3D e a reconstrucción tridimensional de bens do patrimonio, e o desenvolvemento de novos contidos que permitan a difusión dos nosos recursos turísticos, así como a súa accesibilidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Unha plataforma para o sector público, a cidadanía e as empresas**

Os potenciais usuarios desta información son tanto os sectores públicos e privados como a poboación en xeral, as ONG, as pemes de agricultores, os colexios profesionais, sectores enerxéticos, empresariais, económicos e de investimentos. A información da plataforma estará dispoñible a través dun xoportal desde o cal os usuarios poderán buscar, visualizar, consultar e descargar datos, capas, mapas e información xeográfica e analítica.

Para maximizar o aproveitamento das capacidades da plataforma desenvolverase un programa formativo, tanto para os profesionais do sector público como para cidadanía e as empresas, con obradoiros e formación continua organizados de forma sectorial.

### **Orzamento**

O plan conta cun orzamento de máis de 6,6 millóns de euros para o período 2021-2025 procedentes de fondos Feder, do Programa europeo para a recuperación dos territorios (React-EU) e dos fondos propios da Comunidade.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### RUEDA INFORMA QUE O CONSELLO CONSULTIVO AVALA QUE GALICIA PODE EXERCER AS COMPETENCIAS EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO LITORAL SEN REFORMAR O ESTATUTO

- Resalta que este ditame “reafirma as teses” da Asesoría Xurídica de Galicia
- Traslada ao Goberno central as alegacións presentadas polos concellos costeiros e as empresas do sector da cadea mar-industria ao Plan nacional sobre a costa
- O borrador do plan estatal considera como un problema crítico da costa galega que existan ocupacións do dominio público marítimo-terrestre, polo que sinala como obxectivo estratéxico a súa “liberación”
- As reclamacións inciden en que o Plan estratégico nacional vai en contra da legislación de costas e que carece de todo fundamento técnico, ao se basear na opinión persoal de funcionarios estatais
- Lémbralle ao Goberno central que corresponde a Galicia liderar o deseño e a implementación de medidas para a ordenación da costa, como competencia da ordenación do seu litoral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe que o Consello Consultivo de Galicia avala que a Comunidade pode exercer as competencias en materia de ordenación do litoral sen necesidade de reformar o Estatuto de autonomía no ditame emitido o 20 de xullo en relación coa petición realizada polo Goberno galego sobre o traspaso competencial do dominio público marítimo-terrestre (DPMT). “A Xunta leva tempo reclamando a xestión plena destas zonas para poder exercer competencias que xa temos no ámbito urbanístico, portuario ou de control de vertidos”, aseverou.

Este ditame “reafirma as teses da Asesoría Xurídica da Xunta”, resaltou Rueda ao indicar que o Consultivo sinala nas súas conclusóns que a Comunidade Autónoma posúe competencias en materia de ordenación do litoral e que o traspaso de funcións e servizos é un acto debido por parte da Administración do Estado. Fai fincapé en que o Estado está exercendo “transitoriamente funcións que non lle corresponden”, polo que o Consultivo conclúe que “se debe evitar, por lealdade constitucional, esta situación anómala”.

Deste xeito, o Consultivo avala a tese mantida pola Xunta de Galicia de que non é preciso reformar o Estatuto de autonomía para proceder ao traspaso efectivo de funcións e servizos. No seu ditame di textualmente que “non resulta necesario modificar o devandito estatuto para a asunción competencial neste eido”.

Por último, cómpre sinalar que a Comunidade Autónoma xa ten recoñecida a competencia exclusiva sobre a ordenación do territorio e do litoral no artigo 27.3 do

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estatuto de autonomía, como recolle o ditame do Consultivo, que, ademais, conclúe que dentro da competencia que ten a Comunidade está integrada a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre (DPMT) como función executiva.

### Alegacións ao Plan estratéxico nacional para a protección da costa española

Nesa liña, o Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autorizan as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Mar para dar traslado ao Goberno central das alegacións presentadas por Galicia ao Plan estratéxico nacional para a protección da costa española, considerando os efectos do cambio climático, elaborado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco), e que pon en risco arredor de 4.000 edificacións, entre as cales figuran máis de 200 empresas.

Á reclamación presentada polo Goberno galego súmanse as de vinte concellos do litoral e as das empresas do sector da cadea mar-industria. Todas elas focalizadas en que o plan, que ten como obxectivo eliminar toda ocupación do DPMT en Galicia no horizonte de 2045, vai en contra da Lei de costas, así como en que carece de fundamento obxectivo ao se basear exclusivamente na opinión de dous funcionarios estatais.

Logo do impedimento por parte do Goberno central para que os concellos e as empresas afectadas tivesen acceso ao contido do plan, a Xunta de Galicia púxose á disposición dos interesados para recoller as súas alegacións e presentalas ante o Ministerio, co fin de que sexan tidas en conta. O prazo de presentación de alegacións remata mañá venres 22 de xullo.

Co fin de contar cunha perspectiva estritamente obxectiva do proceso de preparación do Plan estratéxico nacional para a protección da costa española, considerando os efectos do cambio climático, a Xunta encargou a elaboración das alegacións ao Observatorio do Litoral, ente dependente da Universidade da Coruña e experto no eido competencial de costas.

### Un plan sen fundamento legal

O conxunto das reclamacións inciden na falta de todo fundamento legal para a elaboración deste plan estratéxico. Tal e como apuntan, foi xa o lexislador de 2013 –a Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, o que introduciu unha regulación para afrontar a loita contra os efectos do cambio climático no litoral e obrigou á aprobación da Estratexia de adaptación ao cambio climático da costa española. Esta estratexia tramitouse coa participación de todas as comunidades autónomas, tivo avaliación ambiental, está aprobada e publicada. Non obstante, este novo plan do Ministerio faise á marxe da estratexia nacional.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a normativa vixente de costas xa regula cando se poden eliminar as concesións do litoral por mor do cambio climático: só cando o Estado teña declarado unha área en regresión grave por ter retrocedido a liña de costa máis de 5 metros en cada un dos últimos 5 anos anteriores e que as ocupacións que estean nesa área se vexan alcanzadas polo mar ou exista risco certo de que as alcance. Polo tanto, o Estado no pode pretender eliminar as ocupacións da costa en contra desta regulación.

Por outra banda, nas alegacións que se van presentar faiase fincapé en que o plan supón un novo intento do Estado por ampliar as súas competencias en detrimento das que posúen as comunidades autónomas, co pretexto da loita sobre cambio climático.

No borrador do plan descríbese como obxectivo xeral o de garantir "*a harmonización rexional e a aplicación das medidas de protección da costa más axeitadas para todo o litoral español*". Porén, o Estado só podería levar a cabo esta función a través dunha lei básica e non mediante un plan estatal. Do mesmo xeito, a planificación e a actuación no litoral é competencia das comunidades, que, como Galicia, teñen recoñecida a súa competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, tal como recolle o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

### Un documento de marcado carácter subxectivo

As alegacións poñen de relevancia, tamén, o carácter uniformador e subxectivo da confección da diagnose en que se fundamenta un plan que busca a liberación do dominio público marítimo-terrestre.

O Ministerio non tivo en conta as particularidades de cada unha das comunidades do litoral, nin tampouco os seus datos físicos, socioeconómicos ou ambientais. Fíxo uso de bases de datos homoxéneas, dándolle un enfoque uniforme a toda a costa de España. Así, no referido á costa galega, en ningún momento se fai referencia ás bases de datos de que dispón Galicia –actualizadas para o seu manexo diario e as que emprega para a elaboración de normas e plans de ordenación–.

Tampouco se contou co coñecemento e a experiencia do persoal da Administración autonómica e das administracións locais costeiras, coas cales o Ministerio nunca se puxo en contacto.

O plan é totalmente subxectivo, dado que a identificación como unha "ameaza" e un "problema crítico" en Galicia que existan ocupacións da costa se basea na opinión de dous funcionarios estatais. Cómpre salientar que a análise da costa galega se fixo sobre a base de preguntar a seis técnicos do Ministerio (un de Pontevedra, dous da Coruña e tres de Lugo) se consideraban que a presión das ocupacións sobre a costa era un

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

problema. Desas seis persoas consultadas, só dúas consideraron que era un problema grave.

Non é razonable que a percepción de dous funcionarios estatais dea lugar a un diagnóstico que recolla como temática crítica a "ocupación do DPMT" que deriva no sinalamento da "liberación do DPMT" como obxectivo estratéxico do plan que quere aprobar o Ministerio.

Ademais, o plan non analiza toda a costa galega, senón unicamente 28 unidades que corresponden ás 'áreas de risco potencial significativo' recollidas no visor de Augas de Galicia, e limitadas ás desembocaduras de cursos de augas fluviais á costa.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### RUEDA RESALTA QUE A XUNTA AUTORIZA A EXTENSIÓN AO CONXUNTO DE GALICIA DAS VANTAXES DO TRANSPORTE METROPOLITANO E REDUCE O PREZO DO BILLETE DO AUTOBÚS A 150.000 VECIÑOS DE 119 CONCELLOS RURAIS

- Explica que, coa creación da Área de Transporte de Galicia, os usuarios dos concellos adheridos poderán disfrutar de descontos mínimos de 50 céntimos no prezo do billete e de transbordos gratuitos
- A Xunta de Galicia asume a totalidade das bonificacións nas viaxes nos municipios con menos de 2.000 habitantes, que se aplicarán directamente e sen necesidade de asinar convenios para a integración dos municipios
- Esta medida ten como obxectivo dotar o rural de servizos que respondan ás necesidades dos cidadáns, contribuíndo a mitigar o despoboamento
- No resto de concellos, cando decidan adherirse á área de transporte, a Xunta asumirá un mínimo do 80 % das bonificacións
- As viaxes contarán co mesmo prezo para os usuarios dun mesmo concello, independentemente do itinerario ou do número de autobuses para chegar ao destino
- O Consello da Xunta aproba a regulación da Área de Transporte de Galicia, que comezará a funcionar nos vindeiros meses
- A iniciativa completa o Plan de transporte público, que inclúe medidas como a tarxeta Xente Nova, coa cal 116.000 menores de 21 anos xa viaxan gratis no autobús da Xunta de Galicia por toda a comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, explicou hoxe que o Consello autorizou a extensión ao conxunto da Comunidade das vantaxes do transporte metropolitano e reduce o prezo do billete do autobús a 150.000 veciños de 119 concellos rurais. "Damos un paso máis para favorecer a mobilidade sustentable en Galicia impulsando o uso do autobús", indicou.

Rueda explicou que isto será posible coa creación da Área de Transporte de Galicia. O Consello da Xunta aprobou hoxe a regulación desta área, mediante a modificación dun anexo ao Plan de transporte público de Galicia.

Subliñou que, coa creación da Área de Transporte de Galicia, os usuarios dos concellos adheridos poderán disfrutar de descontos mínimos de 50 céntimos no prezo do billete e transbordos gratuitos.

Segundo detallou o presidente galego, a Xunta asumirá a totalidade das bonificacións nas viaxes nos municipios con menos de 2.000 habitantes, que se aplicarán

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

directamente e sen necesidade de que estes concellos asinen un convenio de colaboración coa Xunta para a súa integración na Área de Transporte de Galicia.

A área de transporte de Galicia suporá un investimento de "11 millóns de euros ao ano" para fazer fronte ás bonificacións, explicou o presidente da Xunta. Deles, o 80% serán achegas realizadas polo Gobernon galego.

O obxectivo é homoxeneizar o sistema de transporte público na comunidade e facilitar a integración do conxunto de concellos nesta área de transporte de Galicia, na cal se prevé a aplicación directa das bonificacións nas viaxes para aqueles concellos rurais de reducida poboación, que serán asumidas pola Xunta de Galicia.

A regulación fará posible a aplicación directa en 119 concellos rurais das vantaxes da área de transporte de Galicia, que funcionan xa desde hai anos nas áreas de transporte metropolitano. Trátase, con carácter xeral, de municipios con menos de 2.000 habitantes.

Nestes ámbitos rurais, a Xunta de Galicia asumirá directamente a totalidade das bonificacións, incluída a porcentaxe que correspondería aboar a estos concellos no caso de decidiren integrarse na área de transporte de Galicia, polo que os incentivos resultarán aplicables sen necesidade de que o municipio formalice a súa adhesión.

Con este tipo de medidas, o Executivo autonómico continúa traballando para contribuír a dotar o rural de servizos que respondan ás necesidades dos cidadáns, mitigando, por conseguinte, o despoboamento nestas contornas.

O resto de concellos poderán decidir integrarse na área de transporte de Galicia para facilitar novos descontos nos prezos do autobuses. Neses casos, o Goberno galego asumirá, con carácter xeral, un mínimo do 80 % das bonificacións aos usuarios.

Con esta autorización, as viaxes terán o mesmo prezo para o conxunto de usuarios dun mesmo concello, independentemente do itinerario concreto que percorra o autobús ou do número de autocares que se teñan que utilizar para chegar ao destino final.

Os concellos que actualmente forman parte das áreas de transporte metropolitano poderán optar polo mantemento das actuais tarifas, de seren estas inferiores ás que resultan do novo modelo de cálculo. A Xunta manterá a asunción, nese caso, do 80 % dese adaptación de tarifas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A modificación tamén prevé a simplificación dos trámites para a integración dos concellos interesados con respecto aos previstos para as áreas de transporte metropolitano.

Unha vez autorizada hoxe a modificación do anexo ao Plan de transporte público de Galicia, a Xunta aprobará un modelo de convenio de adhesión e establecerá o cronograma da súa implantación. Fixarase a apertura de fases temporais sucesivas para que se integren os concellos por ámbitos territoriais, de acordo coas necesidades tecnolóxicas que a área require, en canto á adaptación das canceladoras que deben ir nos vehículos. A previsión é que a área de transporte de Galicia poida comezar a funcionar nos vindeiros meses.

Ademais, prevese a implantación de novas actuacións ou servizos de transporte de iniciativa municipal, así como a integración doutros modos de transporte público regular, como os servizos marítimos na ría de Vigo ou os servizos ferroviarios.

Esta actuación completa o Plan de transporte público de Galicia, no marco do cal o Goberno galego impulsou iniciativas como a tarxeta Xente Nova, coa cal os menores de 21 anos viaxan de balde por toda Galicia grazas ao investimento autonómico este ano duns 6,5 millóns de euros. No día de hoxe son xa 116.000 os mozos galegos que dispoñen da tarxeta Xente Nova, coa cal poden viaxar gratis no autobús da Xunta por toda a comunidade.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA 4 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE OS CONCELLOS GALEGOS DESENVOLVAN PROGRAMAS DE AXUDA A PERSOAS CON TRASTORNOS ADICTIVOS NAS UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS

- O Goberno galego aproba o convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), representante de todos os concellos con servizos de atención sanitaria, e contribúe a manter a accesibilidade dos galegos e das galegas a estes programas terapéuticos
- O acordo, que supón a continuidade da liña de colaboración establecida desde o ano 2014, supera por primeira vez os 4 millóns de euros
- A Xunta de Galicia destina en 2022 11,4 millóns de euros á atención ás adicíons desde equipos multidisciplinares, 500.000 euros máis ca o ano pasado

A Xunta de Galicia vai investir máis de 4 millóns de euros para que os concellos galegos continúen a desenvolver programas de atención e protección da saúde, especialmente aqueles destinados a persoas que padecen trastornos de adicíons.

O Goberno galego aprobou na súa sesión de hoxe o convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para as unidades asistenciais de drogodependencias (UAD), nas cales poder desenvolver programas de promoción da saúde e de asistencia sanitaria ás persoas con trastornos adictivos, incluídos tanto aqueles relacionados con substancias de uso ilícito como persoas con adicíons comportamentais ou outras substancias psicoactivas. Trátase dun acordo que mantén a liña de colaboración iniciada no ano 2014, pero que este ano 2022 incrementa o seu orzamento e supera por primeira vez os 4 millóns de euros.

Así, a Xunta inviste un total de 4.022.800 euros para que, a través da Fegamp, como entidade colaboradora e representante única dos concellos, as entidades locais que se adhiran garantan a prestación de servizos esenciais para un sector da poboación como o das persoas que sufren trastornos adictivos, e facilita dese xeito a accesibilidade e o seguimento dos tratamentos. O convenio de colaboración recolle o financiamento e desenvolvemento deses programas de axudas para as unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día, a través dos concellos que dispoñan delas, atendendo á planificación, aos criterios, ás guías e aos programas e procedementos establecidos polo Servicio Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos aditivos en Galicia publicado no ano 2011.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao longo do exercicio 2021 foron asistidos ao abeiro deste convenio máis de 7.000 beneficiarios, dos cales arredor do 75 % eran homes e o 25 % restante mulleres.

Con iniciativas como a aprobada hoxe, a Xunta quere fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade, fomentar a promoción da saúde e ampliar as medidas para evitar ou diminuir o consumo de tabaco, alcohol e outras substancias prexudiciais para a poboación galega. Así mesmo, o Goberno galego amosa o seu compromiso no proceso de mellora continua e reforzo dos servizos asistenciais prestados nos medios públicos.

### **Incremento neste ano de todos os programas de atención ás adiccionés**

Neste ano 2022, o financiamento global que a Xunta dedica á atención ás adiccionés desde os equipos multidisciplinares é de 11.412.324 euros. Esta cantidade supón un incremento de máis de 500.000 euros respecto do orzamento de 2021, que foi de 10.908.747 euros.

Ademais deste convenio de apoio aos concellos, a Xunta de Galicia incrementou este ano todos os programas de financiamento a entidades sociais sen ánimo de lucro. En particular, o financiamento mediante convenios de programas de asistencia a pacientes con trastornos adictivos medrou un 8 %, ata os 6,8 millóns de euros, mentres que o destinado a convenios para programas de incorporación social se incrementou un 4,6 %, ata chegar aos case 400.000 euros. Por último, a convocatoria de axudas ás entidades sen ánimo de lucro para realizar programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias experimentou un incremento dun 10 % respecto da convocatoria do ano pasado.

A planificación estratéxica vixente en Galicia en materia de trastornos adictivos segue as prioridades e liñas de actuación definidas tanto pola Estratexia nacional sobre drogas como pola estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga. Neste sentido, a Consellería de Sanidade constituíu no pasado mes de abril os grupos de traballo que procederán a elaborar o Plan de trastornos adictivos de Galicia 2023-2026. Estes grupos están integrados tanto por persoal da Xunta de Galicia con responsabilidades na xestión de servizos vinculados directa ou indirectamente coas conductas adictivas como por profesionais técnicos de concellos e entidades sociais que traballan no campo das adiccionés, da prevención, da asistencia e da incorporación social.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA FINANCIÁ CON PRETO DE 1 MILLÓN DE EUROS PROXECTOS DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO SOBRE A VIH/SIDA E OUTRAS INFECCIÓNNS DE TRANSMISIÓN SEXUAL

- O Consello da Xunta de Galicia aprobou a orde de subvencións para que as entidades privadas sen ánimo de lucro desenvolvan en Galicia durante os vindeiros 4 anos proxectos de saúde pública no campo da VIH/sida e infeccións de transmisión sexual (ITS)
- O financiamento destas iniciativas favorece o achegamento dos servizos sanitarios e sociais públicos a persoas con prácticas de risco, incrementa a súa calidade de vida e reduce os custos sanitarios dos seus tratamentos e seguimentos médicos

A Xunta de Galicia destinará un total de 901.200 euros para que as entidades galegas sen ánimo de lucro desenvolvan nos vindeiros 4 anos proxectos de saúde pública no campo da VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS). O Consello da Xunta aprobou na súa sesión de hoxe a orde de subvencións para a protección e promoción da saúde e a prevención de enfermidades nas persoas especialmente vulnerables á infección polo VIH, a sida e outras enfermidades de transmisión sexual.

O financiamento destes proxectos achega aos servizos sanitarios e sociais públicos ás persoas con prácticas de risco para a transmisión do VIH e doutras ITS con dificultades de acceso a estes servizos, o que contribúe ao diagnóstico e tratamiento precoces e redonda nunha maior calidade e esperanza de vida dos afectados. O acordo tamén reduce custos sanitarios do tratamento e seguimento médico e contribúe a un mellor control do espallamento destas infeccións na sociedade galega. A iniciativa aprobada hoxe pola Xunta, en definitiva, mellora a saúde e o benestar de todas as persoas que sufren estas enfermidades e da sociedade galega en xeral.

#### **Fomento do uso do preservativo e incremento de probas do VIH**

En virtude da orde de subvencións aprobada hoxe no Consello da Xunta, as distintas entidades sen ánimo de lucro galegas deberán comprometerse, entre outras iniciativas, a traballar en actividades coma o fomento do uso do preservativo nos colectivos vulnerables ás ITS, a promoción da realización de probas do VIH ás persoas con prácticas de risco, a execución de campañas de concienciación respectuosas e inclusivas de todas as ITS ou o desenvolvemento de programas de prevención para cidadáns do contorno da prostitución e tamén para aqueles que conviven con persoas co VIH ou en casas de acollida.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria de axudas, que se enmarca dentro das actuacións do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual, amosa o incremento de esforzo económico da Xunta de Galicia na protección e promoción da saúde e na prevención de enfermidades en colectivos especialmente vulnerables á infección polo VIH, pola sida e por outras ITS. Estas subvencións achegaron, desde o ano 2009, nas súas sucesivas convocatorias, máis de 2,6 millóns de euros a 30 entidades privadas sen ánimo de lucro de Galicia. Coa aprobada hoxe, a cantidade increméntase ata superar os 3,5 millóns de euros.

Promóvese tamén a transparencia na valoración dos proxectos e o respecto dos dereitos das persoas afectadas polo VIH, foméntase a inclusión da perspectiva de xénero e promóvense actividades das ONG que desenvolven proxectos sociosanitarios en Galicia. Así mesmo, fomentase a contratación de persoal e a estabilidade económica e laboral dos proxectos subvencionados e das entidades que os executan.

A situación do VIH en Galicia, segundo os datos do último informe de 2020, reflictan que no período 2004-2020 a incidencia de infección polo VIH é de 6,5 casos por 100.000 habitantes, o que sitúa Galicia por baixo da incidencia anual española, que é de 10 infeccións. Nos últimos oito anos estase a apreciar unha tendencia á diminución da incidencia do VIH en Galicia, que pasou de 225 casos en 2012 a 105 en 2020 e se situou sempre por baixo dos sete casos ao ano por 100.000 habitantes (3,9 casos ano en 2020). En 2020 había 5.725 persoas a tratamento antirretroviral en Galicia, polo que é imprescindible continuar con medidas de concienciación, prevención e diagnóstico precoz.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### GALICIA DUPLICA OS FONDOS DESTINADOS A APOIAR PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E DE ENERXÍAS RENOVABLES

- Coa ampliación concedida a través dos fondos europeos, o Goberno galego conta con 74 M€
- Con estas axudas prevese acadar aforros de 40 M€ ao ano nas facturas enerxéticas de fogares, empresas e administracións
- A Xunta de Galicia aprobou 646 iniciativas que contribúen a impulsar medidas de aforro e eficiencia, e obxectivos recollidos como prioritarios na nova Axenda Enerxética de Galicia 2030

O Consello da Xunta de Galicia avaliou na súa reunión desta mañá a ampliación do orzamento das convocatorias de axudas dirixidas a proxectos de autoconsumo eléctrico e almacenamento con enerxías renovables, así como da liña para proxectos de enerxías renovables no sector residencial. Deste xeito duplícase o orzamento inicial ata alcanzar os 74 M€.

Con estas axudas procedentes dos fondos europeos e incluídas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, o Goberno galego prevé unha mobilización de 225 M€, así como aforros de 40 M€ ao ano nas facturas enerxéticas de empresas, administracións e fogares.

O prazo para a solicitude dos apoios, de concorrencia non competitiva, permanecerá aberto ata 2023. Ata o momento, a Administración autonómica xa aprobou 646 iniciativas que contribúen a impulsar medidas de aforro e eficiencia con axudas de 8,18 M€ e unha mobilización de 24,4 millóns. Inclúense varias liñas dirixidas a fomentar o autoconsumo e almacenamento enerxético en empresas, por unha parte, e en fogares, administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, por outra. Tamén se recolle unha convocatoria de renovables térmicas no sector residencial.

As axudas responden á aposta da Xunta de Galicia por apoiar o desenvolvemento das enerxías renovables en todos os ámbitos da Comunidade, así como impulsar o autoconsumo, obxectivos recollidos na Axenda Enerxética de Galicia 2030.

A Xunta segue, pois, comprometida co impulso dunha Galicia máis verde, fomentando o uso de enerxías renovables entre todo tipo de usuarios -fogares, empresas e administracións- co obxectivo de avanzar na transición ecolóxica. Estes apoios contribuirán á redución dos custos enerxéticos dos beneficiarios, nun momento de continua escalada de prezos na factura da luz que teñen que pagar familias e empresas;

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ademas da creación de emprego, a reactivación económica e a mellora ambiental que repercute na calidade de vida da cidadanía.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ELEVA O NIVEL DE ALERTA POLA SITUACIÓN DE SECA NA BACÍA DO RÍO LÉREZ, NA ZONA DE PONTEVEDRA

- O Consello da Xunta dálle o visto e prace ao acordo da Oficina Técnica da Seca polo que se declara a "prealerta por escaseza" de auga nesta conca que abastece os concellos de Pontevedra, Poio, Marín, Sanxenxo, Bueu e Ponte Caldelas
- As temperaturas anormalmente elevadas dos últimos días e a falta prolongada de chuvias fixo que a situación se agravase especialmente na conca do Lérez, onde non existen reservas de auga encorada
- O Goberno galego comunicará de forma inmediata aos concellos afectados esta nova situación, que obriga a adoptar medidas de incremento do control do consumo da auga e de concienciación cidadá
- A Xunta xa advertiu á empresa Ence, que capta auga do Lérez, da situación do río e do seu deber de cumplimento do caudal ecolóxico, polo que a factoría adoptou a decisión de parar temporalmente a súa actividade

A Xunta elevou hoxe o nivel de alerta pola situación de seca na bacía do río Lérez, na zona de Pontevedra, ante os datos que apuntan ao principio da escaseza de reserva de auga para o abastecemento neste ámbito.

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao acordo da Oficina Técnica da Seca, reunida na mañá de hoxe, polo que se declara a "prealerta por escaseza" de auga nesta conta que abastece os concellos de Pontevedra, Poio, Marín, Sanxenxo, Bueu e Ponte Caldelas.

As temperaturas anormalmente elevadas dos últimos días e a falta prolongada de chuvias fixo que a situación se agravase especialmente na conca do Lérez, onde non existen reservas de auga encorada.

Neste río o caudal circulante reduciuse de forma abrupta desde principios de mes pasando dun caudal de máis de  $3,7 \text{ m}^3/\text{s}$  a principios de mes a escasamente  $1 \text{ m}^3/\text{s}$ , o que supón unha redución do 73% en menos de 20 días, circunstancia que pode comprometer o abastecemento.

Estas circunstancias levaron á Oficina Técnica da Seca a elevar, no sistema do río Lérez, o nivel de "seca prolongada" -en función das precipitacións rexistradas- e activar o de "prealerta por escaseza" -que mide xa os recursos dispoñibles para garantir o abastecemento-.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo os datos analizados hoxe pola Oficina Técnica da Seca, nos primeiros quince días do mes de xullo en Galicia, as precipitacións foron un 33% inferiores á media nesta época do ano.


Analizados os diferentes indicadores sobre as reservas de auga nos sistemas de abastecemento da demarcación de competencia autonómica, Galicia-Costa, a situación segue a ser de normalidade, agás na conca do río Lérez, onde o descenso dos caudais medios diarios indica a entrada en nivel de "prealerta por escaseza".

Esta declaración de "prealerta por escaseza" será comunicada de maneira inmediata a todos os concellos que se abastecen da bacía do Lérez para que adopten, con urxencia, as medidas fixadas para este estado no Plan de seca autonómico.

Entre esas medidas están, fundamentalmente, as seguintes: incremento da sensibilización e concienciación á poboación; intensificación das accións de vixilancia e control; control e comprobación da operatividade dos plans municipais de emergencia e dos mecanismos de coordinación interadministrativa; control e aforro en consumos municipais (baldeos de rúas, regas...); e, en xeral, calquera uso da auga non prioritario, adiantando calquera medida que axude a previr o agravamento da situación.

Desde o pasado 1 de xullo o caudal do Lérez baixou abruptamente, o que levou á Xunta, no exercicio da súa función de velar polo mantemento das masas de auga e os recursos naturais, a advertir a Ence desta circunstancia e do seu deber de garantir o cumprimento do caudal ecolóxico.

Analizada a situación, e ante a imposibilidade de manter a actividade sen poñer en risco o caudal ecolóxico do río, a empresa comunicou a súa decisión de paralizar temporalmente a súa producción.



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### OS COLEXIOS E INSTITUTOS GALEGOS ESTREARÁN O VINDEIRO CURSO 138 POLOS CREATIVOS E 33 PISTAS MULTIDEPORTE

- Trátase de dúas iniciativas innovadoras postas en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagógica, que supoñen un investimento inicial de case 6 M€ por parte do Goberno galego
- No caso dos polos creativos, nesta primeira fase despregaranse máis de 22.000 unidades de equipamento especializado de audiovisual, fotografía, electrónica e robótica, tecnoloxía, fabricación e construcción e informática
- As pistas multideporte absorben preto de 2 M€ da Xunta, que subvenciona ata o 85 % do custo destas infraestruturas de uso compartido entre os centros e os concellos

Os colexios e institutos galegos estrearán o vindeiro curso 138 polos creativos e un total de 33 pistas multideporte, dúas iniciativas novedosas que se poñen en marcha por primeira vez este ano e que supoñen un investimento conxunto de case 6 M€.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades elevou ao Consello da Xunta un informe de ambas as dúas actuacións que se desenvolven ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagógica para os centros educativos e que responden ao obxectivo común de avanzar cara a un modelo de infraestruturas educativas más innovadoras, sustentables e confortables.

No caso dos polos creativos, o obxectivo principal é consolidar Galicia como referente a nivel estatal na incorporación de tecnoloxías STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) ao proceso de ensino aprendizaxe no sistema educativo público.

No que atinxe ás pistas multideporte, trátase dunha acción da Xunta en colaboración cos concellos, aos cales financia ata o 85 % destes espazos multifuncionais para o uso compartido entre a comunidade educativa e a cidadanía en xeral.

#### **22.000 unidades de material e equipamento para os polos creativos**

A primeira fase de implantación de polos creativos chegará este setembro a un total de 138 centros educativos a razón de 48 na provincia da Coruña, 12 en Lugo, 10 en Ourense e 68 en Pontevedra, cun investimento que supera os 4 M€.

Os polos creativos son lugares de innovación educativa en que se traballan as competencias STEM, a cocreación, a solución de problemas reais e o pensamento de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deseño e habilidades. Terán un deseño modular e innovador acorde co Plan de nova arquitectura pedagóxica, dotados de equipamento especializado e organizados didacticamente para o fomento da creatividade, a aprendizaxe por competencias e o traballo manipulativo. Isto é, centros de actividades en que se abordarán aspectos como a intelixencia artificial, as tecnoloxías intensivas, o procesamento audiovisual e artístico, a realidade virtual ou a robótica, entre outros.

Así pois, nos centros seleccionados nesta primeira fase, a Consellería de Educación despregará arredor de 22.000 unidades de material e equipamento especializado. Entre eles máis de 1.800 robots ou kits de robótica, máis de 2.100 elementos de equipamento audiovisual, preto de 1.000 tabletas e 140 taboleiros interactivos, máis de 500 elementos de corte por control numérico, escaneado e impresión 3D e unhas 9.000 unidades de mobiliario avanzado, flexible e innovador.

O programa, inserido tamén na Estratexia Educación Dixital 2030, suporá un salto cualitativo no fomento das competencias dixitais do alumnado no ensino público xa que o seu principal obxectivo é o perfeccionamento das capacidades dixitais. Ademais, estarán abertos ás comunidades locais co fin de favorecer tamén o desenvolvemento científico-tecnolóxico entre o conxunto da cidadanía.

### Pistas multideporte

Un total de 33 concellos de toda Galicia -a razón de nove na provincia da Coruña, 12 en Lugo, cinco en Ourense e sete en Pontevedra- beneficiaran das axudas da Xunta para a dotación e mellora de pistas multideporte noutros tantos colexios públicos dos seus termos municipais.

Tal e como se informou ao Consello da Xunta, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no día de hoxe acaba de resolver a convocatoria. É a primeira acción deste tipo que se pon en marcha en Galicia, cun investimento de 1,96 M€, a través da cal o Goberno galego financia ata o 85 % do custo destas infraestruturas lúdico-deportivas nos centros escolares que son de uso conxunto entre a comunidade educativa e a cidadanía.

As axudas van destinadas a pistas multideporte en centros de educación infantil e primaria e nos centros integrados non universitarios (CPI) de titularidade municipal, cuxo deseño debe ser conforme os modelos establecidos no Plan de nova arquitectura pedagóxica. O obxectivo é promover unha vida sa entre o alumnado e permitir a práctica de, cando menos, cinco deportes, nun espazo polifuncional.

Os concellos de 5.000 habitantes ou menos podían recibir da Xunta ata o 85 % da contía subvencionable ata un máximo de 85.000 € por proxecto. No caso dos concellos con

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poboacións de entre 5.000 e 15.000 habitantes, a porcentaxe subvencionable é do 75 % e nos de poboación igual ou superior a 15.000 habitantes será do 60 %.

Esta liña de axudas vén referendar a liña de traballo interinstitucional entre as administracións autonómica e local para o máximo aproveitamento das infraestruturas públicas. Nesta liña, cómpre lembrar ao acordo marco selado entre a Consellería e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), a través do cal se regula a apertura das instalacións deportivas dos institutos ao seu uso por parte da cidadanía fóra do horario escolar.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

